

## ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN

Para cumprir co disposto no artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade da obra "Mellora da Aira dos Vintes da Xironda, no concello de Cualedro", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de decembro de 2010, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora da Aira dos Vintes da Xironda, no concello de Cualedro", financiada con cargo á subvención concedida pola Consellería de Economía e Industria, mediante resolución do conselleiro de Economía e Industria do 2 de novembro de 2010, ao abeiro da Orde do 22 de xullo de 2010, para proxectos de adecuación e modernización de equipamentos comerciais en desenvolvemento do Plan Ágora, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 26 de novembro de 2010, e logo de valorarse pola Xunta de Goberno Local do 29 de novembro de 2010 a proposta de adxudicación que fixo a Mesa de contratación a favor de Construcciones Hnos. Carrajo, S.A., a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas na Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar a execución destas obras á empresa Construcciones Hnos. Carrajo, S.A., por un importe de 179.000,00 euros (IVE e demais tributos incluídos), por ser a oferta máis vantaxosa, xa que o prezo ofertado polos candidatos presentados foi o seguinte:

- Oferta núm. 3, de Construcciones Santalf S. L., que ofrece un prezo de cento setenta e nove mil catrocentos sesenta e dous mil euros (179.462,00 €), IVE incluído.
- Oferta núm. 2, de Construcciones y obras Vazal S.L., que ofrece un prezo de cento setenta e nove mil douscentos euros (179.200,00 €), IVE incluído.
- Oferta núm. 1, de Construcciones Hermanos Carrajo S.A., que ofrece un prezo de cento setenta e nove mil euros (179.000,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores que se presentaron e publicalo no perfil do contratante.

Terceiro.- Requirir ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo dos oito días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación (artigo 140 da LCSP).

Cualedro, 10 de decembro de 2010

O alcalde,

Luciano Rivero Cuquejo